


RUTA VILAMOR – VILAR – FROXÁN



Esta ruta comeza na aldea de Vilamor, ó pé da estrada e xusto por debaixo da igrexa.

A igrexa ten unha torre-campanario e dous arcos grandes na base e no seu interior atópase un retablo do século XVIII e outros dous barrocos nos laterais. O seu emprazamento actúa como miradoiro do Río Lor e permite ver o percorrido da ruta cara o sur.



Vilamor cumpre cos patróns da típica aldea de configuración "medieval": casas moi achegadas unhas ás outras con corredoiros de madeira, alpendres e rúas moi estreitas e empinadas.



Comézase descendendo por un camiño sinuoso durante pouco máis dun quilómetro en dirección a Vilar. Ós 500 metros comeza un pequeno ascenso que amosa a vista do río dende o alto e polo que continúa un sendeiro ata chegar á Ponte da Arrastradoira.

Unha vez cruzada a ponte de madeira continuábase ascendendo un quilómetro por un camiño de terra que discorre ó outro lado do Río Lor que ofrece vistas as ladeiras das montañas e que pasa por zona de soto e carballeiras. Chégase a Vilar do Caurel onde se pode adiviñar a arquitectura popular xa que a maior parte da aldea atópase actualmente en ruínas. A aldea case despoboada é sinxela e amosa a cultura popular do Caurel.



Destaca a casa de Xan, habitante do pobo que posee un museo etnográfico con obxectos típicos de gandería e agricultura e mantén unha filosofía de portas abertas.



Tamén se adica a coidar a aldea e axuda a conservar a ruta que vai ata o Castro de Vilar que se atopa a 500m. Sáese da aldea atravesando o souto que está ó fondo da aldea e que é un dos máis importantes do Caurel con castiñeiros centenarios. Continúase polo sendeiro ata

chegar ó Castro de Vilar, non antes sen pasar ó carón da capela de San Roque e dunhas mesías e cadeiras de pedra que invitan a facer un descanso e a desfrutar das vistas. O castro que non se ve a simple vista sen andar uns metros máis adiante pola ladeira da montaña, atópase a case 600 metros de altitude, data do século II e é un dos máis



extensos do Caurel. Poden verse os muros de construción e tres vivendas con formas circulares algunhas xa e estado case ruinoso.



As vistas dende o alto son de 360° ás montañas e a conca do Río Lor.




Retrocedendo uns metros en dirección á capela de novo, un freixo indica o camiño a seguir ata

Froxán que se atopa dende este punto a case 3km de distancia. Descendendo polo sendeiro atravesase o Piñeiral de Abraído.



Máis adiante atópase a Ponte de Bao, construída en madeira de castiñeiro e que atravesa de novo o Río Lor.



A ruta continúa ascendendo pola beira do río e discorre entre sobreiras e castiñeiros.

Logo dun par de quilómetros chégase a aldea de Froxán. É unha aldea restaurada por completo na que se arraxaron tódalas casas e rúas o que fai que sexa un atractivo turístico da zona. As casas conservan o estilo




caureliano coas súas galerías e patios de madeira, unhas pegadas ás outras mesmo ás veces compartindo teitos e muros. No alto da aldea pódese ver a Fonte do Milagro

que é un lavadoiro do 1935 e que marca o fin da ruta. Neste punto ofrécese a alternativa de volver a Vilamor pola estrada que está a case cinco quilómetros de distancia.

LENDA

- Inicio
- Dirección
- Aldea
- Igrexa
- Ponte
- Río
- Castro
- Reboleira
- Souto
- Sobreira
- Acíñeiral



Ruta de Vilamor-Vilar-Froxán